

Guía breve para dinamizar espazos participativos

Recurso práctico para facilitar procesos participativos con infancia e adolescencia, coidando a preparación, a escoita, a accesibilidade e a devolución das propostas.

Tipo de recurso	Guía didáctica
Dirixido a	Entidades, profesionais e persoas que dinamizan grupos
Formato	PDF descargable

Un espazo participativo é algo máis ca unha actividade puntual. É un proceso no que nenos, nenas e adolescentes poden informarse, expresar a súa opinión, dialogar, facer propostas e coñecer que pasa coas súas achegas.

1. Preparar o espazo

Antes da sesión:

- Define ben o obxectivo.
- Adapta a linguaxe á idade do grupo.
- Prepara materiais visuais ou dinámicos.
- Pensa en diferentes formas de participar.
- Prevé tempos de descanso.
- Coida o espazo físico.

2. Explicar para que se participa

As persoas participantes deben saber:

- De que se vai falar.
- Por que se lles pregunta.
- Que se fará coas súas opinións.
- Que límites ten o proceso.
- Como se lles devolverá a información.

3. Facilitar a palabra

Non todas as persoas participan igual. Algunhas falarán moito, outras preferirán escribir, debuxar, votar ou traballar en pequeno grupo.

A participación debe ofrecer diferentes canles:

- Palabra oral.
- Tarxetas.
- Debuxos.
- Mapas de ideas

- Votacións.
- Caixas de propostas.

4. Coidar o papel das persoas adultas

As persoas adultas non deben ocupar o lugar da infancia e da adolescencia. O seu papel é:

- Facilitar.
- Acompañar.
- escoitar.
- Ordenar ideas.
- Garantir o respecto.
- Axudar a concretar propostas.

5. Recoller propostas

Unha boa proposta debe responder a tres preguntas:

- Que queremos cambiar?
- Por que é importante?
- A quen queremos facer chegar esta proposta?

6. Facer devolución

A devolución é unha parte fundamental da participación.

Pode facerse cun resumo, unha infografía, unha reunión, unha publicación ou unha mensaxe adaptada ao grupo.

Participar tamén é saber que pasou despois.

